## 1. IDENTIFICACIÓN

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Título da UD** | «Contos na lareira». | | | | |
| **Etapa** | EDUCACIÓN PRIMARIA | **Área** | Educación artística (Educación Musical). | **Nivel** | 5º |
| **Mestres** | Educación Musical. Ciencias Sociais. Lingua Galega e Literatura. | | | | |
| **Centro de interese** | Santos. | **Proxecto** | «Os contos dos avós!». | | |

**Descrición**

Nesta unidade o alumnado vai tocar con toda a orquestra escolar e a unha frauta; cantará sobre soportes diversos, empregando como base secuencias informáticas e arquivos de audio sampleados. Investigarán e recollerán na contorna repertorio de contos e lendas, así como cancións narrativas, coa conseguinte adquisición de vocabulario e achega ás posibles variedades dialectais empregadas.

**Xustificación**

Baseándonos nos Ciclos Anuais trataremos nesta unidade a festividade de Santos e os contos e lendas que lle acompañan (Santa Compaña), sen esquecer outras susceptibles de cantar ou narrar polos vellos nas longas noites de inverno, xunto á lareira na aldea (mouros e mouras, tesouros agochados, serpes, heroes, milagres...).

**Contexto**

O alumnado vive estas datas baixo a influencia da cultura anglosaxona. Independentemente dun posible e remoto orixe galego da festa, a súa perda ao longo de décadas e, mesmo nalgunhas zonas, máis aló do que chega a lembranza colectiva, fan que a experiencia do alumnado tenda a adecuar o modelo coñecido (a través da televisión fundamentalmente) a unha festa propia dos nosos devanceiros. A interpretación de romances, a escoita de contos, lendas... incidirá na recuperación dunha tradición agochada que deberá levar o tan manido «susto ou morte» cara á expresión «unha limosniña polos defuntiños que van alá» ou similares, dependendo da zona de Galicia onde se atope.

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Comptn. |
|---|---|---|---|---|
| **EDUCACIÓN MUSICAL** | | | | |
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | |



Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ j<br>▪ a | ▪ B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado. | ▪ B1.1. Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior | ▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras. | ▪ CSC |
| ▪ j<br>▪ h | ▪ B1.3. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.<br>▪ B1.4. Acento e pulso. | ▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. | ▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ j | ▪ B1.5. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).<br>▪ B1.6 Identificación dos rexistros de voces graves e agudas así como as posibles agrupacións vocais e corais.<br>▪ B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4. | ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. | ▪ EMB1.3.1 Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. | ▪ CCEC |
| ▪ j<br>▪ i | ▪ B1.8. Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical. | ▪ B1.4. Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións | ▪ EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |



Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer. | ▪ EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes. | ▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ j<br>▪ d | ▪ B1.9. Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). | ▪ B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas. | ▪ EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ j<br>▪ d | ▪ B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.<br>▪ B1.15. Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceiras. | ▪ B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. | ▪ EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | | | | |



Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.<br>▪ B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.<br>▪ B2.3. Gravación e rexistro da interpretación.<br>▪ B2.4. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios. | ▪ B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | ▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. | ▪ CAA |
| **CIENCIAS SOCIAIS** | | | | |
| BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS | | | | |



Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B1.1. Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inquedanza e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.<br>▪ B1.2. Busca e selección de información empregando as TIC e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafoles) e comunicación das conclusións.<br>▪ B1.3. Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos. Iniciativa emprendedora. | ▪ B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados. | ▪ CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B1.4. Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material. | ▪ B1.2. Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas | ▪ CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material. | ▪ CSC<br>▪ CAA |



Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ▪ B1.5. Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia.<br>▪ B1.6. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. | alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais. | ▪ CSB1.2.2. Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| BLOQUE 4. A PEGADA DO TEMPO | | | | |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B4.11. Noso patrimonio histórico e cultural. | ▪ B4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar. | ▪ CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS** | | | | |
| BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS | | | | |
| ▪ b | ▪ B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do | ▪ B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. | ▪ VSCB3.2.1. Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |



cc BY SA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos.<br>▪ B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa. | | ▪ VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. | ▪ CSC |
| **LINGUA GALEGA E LITERATURA** | | | | |
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.4. Interpretación elemental en textos orais da retranca, da ironía e de dobres sentidos. | ▪ B1.3. Interpretar correctamente a retranca, a ironía e os dobres sentidos, en situacións de comunicación nas que estes resulten bastante evidentes. | ▪ LGB1.3.1. Interpreta en producións orais a retranca, a ironía e os dobres sentidos. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.14. Recoñecemento e valoración, de maneira global, das diferenzas dialectais orais da lingua galega, como elemento enriquecedor da lingua. | ▪ B1.13. Recoñecer, de maneira global, e valorar as diferenzas dialectais orais da lingua galega. | ▪ LGB1.13.1. Recoñece textos orais sinxelos pertencentes a diferentes variedades dialectais moi evidentes da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.13.2. Valora as diferenzas dialectais orais da lingua galega como un símbolo de riqueza lingüística e cultural e o estándar como variante unificadora. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |



Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ BLOQUE 2. COMUNICACIÓN EXCRITA: LER | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B2.9. Lectura expresiva de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual.<br>▪ B2.10. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios. | ▪ B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación. | ▪ LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.7.4. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información... | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.1. Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos e cantigas), así como da literatura galega en xeral.<br>▪ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa | ▪ B5.1 Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral. | ▪ LGB5.1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos,cantigas) e da literatura galega en xeral | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |



CC BY SA
Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | cultura e como recurso de gozo persoal. | | | |



Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

**ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

| Comprensión lectora | Expresión oral e escrita | TIC | Educación cívica e constitucional | Inclusión de persoas con discapacidade | Igualdade efectiva entre homes e mulleres | Desenvolvemento sostible e medio ambiente | Resolución de conflitos | Educación e seguridade viaria | Creatividade | Autonomía | Iniciativa | Traballo en equipo | Confianza en un mesmo | Sentido crítico | Educación para o lecer | Educación do consumidor |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| x | x | x | | x | x | | x | | x | x | x | x | | x | x | |

<table>
<tr><td colspan="3">Tarefa. Cantar e tocar un romance vello sobre apoio do ODE do curso.</td></tr>
<tr><td colspan="3">1ª Sesión</td></tr>
<tr><td>Actividade[1]</td><td>Exercicio</td><td>Observacións</td></tr>
<tr><td>AIM. Coa letra escrita no encerado, escoitar a versión de Faustino Santalices interpretando «Camiña don Sancho».</td><td>Establecer criterios de procura na Internet que respecten a normativa de dereitos de autor.</td><td>https://open.spotify.com/track/2nsCMnGJ9uMdwOPlkXK0xZ<br>Incidir no carácter do ritmo medido, contrastante co ritmo métrico e cambios de figuración empregados por Luar na Lubre en https://www.youtube.com/watch?v=V8yrHpi4REQ</td></tr>
<tr><td>AD. Aprender a letra da canción.</td><td>Identificar a rima e a métrica.<br>Recoñecer a estrutura do texto.</td><td>Recitar a letra todo o grupo simultaneamente. Ir borrando do encerado algúns versos sinalados previamente sen que afecte á declamación. Obrar consecutivamente ata que desapareza toda</td></tr>
</table>

[1] AIM (Actividades de introdución-motivación). ACP (Actividades de coñecementos previos). AD (Actividades de desenvolvemento). AC (Actividades de consolidación). AR (Actividades de repaso). ARF (Actividades de reforzo). AAV (Actividades de avaliación). AA (actividades de ampliación).



CC BY SA

| | | |
|---|---|---|
| | Declamalo con intencionalidade.<br><br>Establecer a prosodia sobre o esquema rítmico da peza, facendo as repeticións, destacando o seu carácter homorrítmico. | a letra e reciten de memoria.<br><br>Traballar de forma idéntica pero de discente en discente, establecendo unha quenda previa de participación (por exemplo, en rolda). Aplicarlle unha declamación máis rítmica e poética. |
| AD. Aprender a música de «Camiña don Sancho» coa voz por fragmentos. | Interiorizar a medida considerando a prosodia anteriormente realizada. | Se resulta demasiado agudo para o grupo, comezar un ton baixo e ir subindo por semitóns ao repetir a peza ata acadar a altura precisa. |
| ARF. Divididos en grupos (mentores) practicar la canción. | Manter o ton empregando como referencia un instrumento de láminas para dar as primeiras notas (as posibles neles). | Se non houbera alumnado mentor suficiente distribuír o resto en grupos de titoría entre pares de nivel medio e heteroxéneo o resto cunha máis directa supervisión do profesorado. |
| AD. Interpretar a canción co apoio do ODE do curso. | Realizar exercicios de impostación vocal, respiración e emisión previa. | Asumir a postura corporal precisa ante os exercicios de técnica vocal. |
| AD. Aprender a versión instrumental de «Camiña don Sancho» co grupo instrumental escolar por partes e con apoio dos ODE do curso. | Ler a partitura de cada instrumento conxuntamente, de xeito que todo o alumnado aprende e practica a totalidade das partes.<br><br>Separar o fraseo relacionándoo co timbre. | Para a lectura poden empregarse as distintas bases de audio proporcionadas (ODE), tanto para apoiar a práctica instrumental mentres se escoita o mesmo instrumento que se está a tocar a só como para entender o armazón musical tocando con outros ou ben outros instrumentos diferentes ao que soa.<br><br>Para as láminas procurarase alternancia entre ambas mans, debido á repetición de notas presente na liña melódica. |
| AA. Repartir os materias e distribuír os grupos para a actividade de recollida de contos, lendas e cantos. | Comentar os apuntes explicativos. | Adecuar os materiais entregados no curso ao nivel do alumnado, a contorna do centro o ás inquedanzas do profesorado. |



Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

| 2ª Sesión | | |
|---|---|---|
| **Actividade** | **Exercicio** | **Observacións** |
| AIM. Establecer unha quenda de intervencións das coordinacións de cada grupo sobre o traballo desenvolvido. | Respectar a quenda de intervencións.<br>Empregar argumentos e vocabulario axeitado. | Precisaremos un seguimento do traballo desenvolvido máis aló do horario de clase, polo que interesa escoller as coordinacións segundo as posibilidades de contacto coa docencia empregando as TIC. |
| AR. Tocar cos instrumentos, agás frautas, o arranxo coñecido de «Camiña don Sancho» en modo frixio. | Cantar simultaneamente. | Coidar a técnica vocal empregada mentres tocan os instrumentos. |
| AD. Tocar a mesma versión en modo eólico | Explicar a docencia o modo e cantalo. | Cambiar o si bemol polo natural nas láminas para a frase B. Incidir no carácter modal e as diferenzas entre versións. |
| AD. Tocar a mesma versión en modo dórico. | Explicar a docencia o modo e cantalo. | Cambiar o fa por fa# nas láminas para a frase A co si natural na B. Incidir no carácter modal e as diferenzas entre versións. |
| AD. Tocar seguidas as tres versións modais. | Detectar auditivamente o intervalo característico e entoalo coa voz de xeito aproximado. | En grupos de interese, cos instrumentos repartidos e preparados cada un con diferentes láminas de sustitución (segundo o modo correspondente), realizar a interpretación das tres estrofas seguidas na orde dórico, eólico, frixio. Pode interesar a escoita mentres o profesorado canta acompañándose dun instrumento harmónico. |
| **Tarefa**. Cantar un romance infantil *a capella*. | | |
| AD. Aprender a música de «A pulgha i a palla» | Explicar sucintamente o compás de 6/8.<br>Aprender a peza por fragmentos.<br>Diferenciar o carácter da música tonal nos modos maior e menor de cada frase. | Comprobar o cambio de armadura que supón pasar dunha frase á outra. |



cc BY SA
Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

| | | |
|---|---|---|
| | Diferenciar intervalos de terceira maior ou menor entre I-III auditivamente.<br><br>Entender a presenza de dialectalismos, i prostético, e paragóxico, gheada, etc. | |
| AD. Lendo a letra no encerado ou ben nunha folla entregada pola docencia, cantar a canción. | | Co alumnado distribuído en grupos de dous o tres, cantar alternativamente a primeira e responder todo o grupo coa segunda.<br>Incidir no carácter maior ou menor de cada unha ao cantalas seguida. |
| AD. Tocar a primeira frase con instrumentos de láminas en modo mixolidio. | Tocar amodo. | Cambiar o fa# por fa natural. Incidir no carácter modal e as diferenzas entre versións. |
| AC. Tocar alternativamente a primeira frase en instrumentos preparados en maior e en mixolidio. | Detectar auditivamente o intervalo característico e entoalo coa voz de xeito aproximado. | Pode interesar a escoita mentres o profesorado canta acompañándose dun instrumento harmónico. |
| AR. Cantar o romance completo co apoio do ODE do curso. | Realizar exercicios de impostación vocal, respiración e emisión previa. | Asumir a postura corporal precisa ante os exercicios de técnica vocal. |
| AA. Procurar versións da «Camiña don Sancho» tanto en *Spotify* como en *Youtube*. Apuntar as características máis salientables dunha preferida con vistas á súa exposición na seguinte clase, especificando diferenzas textuais e musicais (ritmo, liña melódica, | Establecer criterios de procura na Internet que respecten a normativa de dereitos de autor. | Incidir na procura de diversas versións da música, pertencentes ao ámbito folk (https://open.spotify.com/track/4Be2mjXc6V8lkP3quofsul), de coral polifónica, (https://open.spotify.com/track/3yRADUUO092hSxRF5TKTI), Coro Galego (https://www.youtube.com/watch?v=gL56aqz9FRk), cantautor (https://open.spotify.com/track/6eVP2AeHAXCqh3aZbh8eor), |



Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

| | | |
|---|---|---|
| sistemas de organización frixio/eólico, respecto ás repeticións, variedades na forma, etc.). | | balada galega (https://open.spotify.com/track/1pQRvFIiftMOLVn78XX1E2), música para banda (https://open.spotify.com/track/4CDD8avAqiDQC2XQJC0xxT), etc. |

| **Tarefa**. Cantar e tocar co instrumental da aula un romance novo. | | |
|---|---|---|
| **3ª Sesión** | | |
| **Actividade** | **Exercicio** | **Observacións** |
| AIM. Establecer unha quenda de intervencións das coordinacións de cada grupo sobre o traballo desenvolvido. | Respectar a quenda de intervencións.<br><br>Empregar argumentos e vocabulario axeitado. | Apuntaremos os avances observados dende a última sesión, orientando o labor dos grupos se fora preciso. |
| AD. Coa letra proxectada, copiada no encerado ou en papel para cada discente, repetila cantando con vistas a que se introduzan na melodía. | Atender a escoita.<br><br>Detectar movementos melódicos pouco habituais.<br><br>Detectar o ritmo. Palmealo. Realizar con PC pé D, pé I, xeonllos, palmada, pitos no esquema 12/8 ♩. ♩. ♩ ♩ ♩<br><br>Realizar o movemento libre no espazo sobre o mesmo esquema (axudarse nas negras coa PC se é preciso, combinando movemento nos dous primeiros tempos e nos tres seguintes non ou outros que interese).<br><br>Explicar o profesorado a técnica do | Incidir no carácter do ritmo medido presente en diferentes versións: https://open.spotify.com/track/2P2ennI6mNkPsnLDKKJq3K coincidente con https://open.spotify.com/track/02JTUQENNkojpBehLNEpTl, ou a partitura de<br><br>http://ocantodopobo.ophiusa.com/content/al%C3%A1-cando-era-bon-mozo-sr-florencio-os-vilares<br><br>Atención ao exercicio que realiza simultaneamente a docencia. |



Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

| | | |
|---|---|---|
| | violín popular. | |
| AD. Ler a letra da canción. | Identificar a rima e a métrica.<br>Recoñecer a estrutura do texto.<br>Situar os lugares, ferramentas, elementos naturais... citados na súa contorna. | Observar cómo o mesmo texto en octosílabos pode corresponder a outras melodías compostas en ritmo medido e sobre idéntica métrica. |
| AD. Aprender «Alá cando eu era mozo» co grupo instrumental escolar por partes e con apoio dos ODE do curso. | Ler a partitura de cada instrumento conxuntamente, de xeito que todo o alumnado aprende e practica a totalidade das partes (se non hai instrumentos dalgún tipo para todos, tocar no aire sobre o instrumento orixinario, coa axuda do profesorado en espello). | Para a lectura poden empregarse as distintas bases de audio proporcionadas (ODE), tanto para apoiar a práctica instrumental mentres se escoita o mesmo instrumento que se está a tocar a só como para entender o armazón musical tocando con outros ou ben outros instrumentos diferentes ao que soa.<br>Para as láminas, axudarse co esquema básico de percusión corporal de xeito que, despois, será substituído por la práctica en cada instrumento. |
| AD. Engadir a letra e cantar uns mentres acompañan os outros. | Ensaiar cada parte en dous grupos agrupados por mentores. | Mantemento do ritmo en cada caso. Apoio co ODE do curso de ser preciso. |
| AA. Dramatizar as letras repartindo papeis | Facer a representación libre, persoal e simultánea de todos/algúns (ou repartindo os papeis) mentres se canta a canción. | Ambiente distendido e lúdico para o final da clase. |



cc BY SA

| 4ª Sesión | | |
|---|---|---|
| **Actividade** | **Exercicio** | **Observacións** |
| AR. Coa axuda dos ODE do curso, repasar «Alá cando eu era mozo». | Previamente palmear o esquema rítmico coñecido.<br>Atender a cada parte instrumental.<br>Cantala.<br>Unir canto e instrumentos.<br>Intentar facelo sen apoio dos ODE. | Montar por partes. Agrupamentos de mentores nos casos precisos de traballo grupal. |
| AD. Dramatizar as letras repartindo papeis | Cantar mentres algúns representan distintos papeis. | Atender a orde na representación dramática. |
| AD. Realizar toda a obra: canto, instrumentación e dramatización. | | Poden usarse, ou non, os ODE do curso. |
| AD. Poñer en común a recollida realizada. | Expoñer por grupos (titoría entre pares). | |
| AA. Preparar os materiais para subir ao blog do centro. | Difundir o traballo polas redes sociais, familias, amizades... | Probablemente requira do aporte do profesorado. |



Materiais realizados por Javier Jurado e Juan Casado - Licenza de Formación - Curso 2015-2016

| 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ACTIVIDADES** | **MODELO DE PENSAMENTO[5]** | **MODELO ENSINO-APRENDIZAXE[4]** | **INTELIXENCIAS MÚLTIPLES[3]** | **AGRUPAMENTO[2]** | **RECURSOS DIDÁCTICOS** | **TMP.** |
| AIM. Coa letra escrita no encerado, escoitar a versión de Faustino Santalices interpretando «Camiña don Sancho». | Reflexivo.<br><br>Percepción. | Lingüístico. | Lingüístico-verbal.<br>Musical. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Spotify. | 3’ |
| AD. Aprender a letra da canción. | Reflexivo.<br><br>Memoria. | Lingüístico. | Lingüístico-verbal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras. | 3’ |
| AD. Aprender a música de «Camiña don Sancho» coa voz por fragmentos. | Práctico.<br><br>Aplicación.<br>Memoria. | Cognitivo-construtivo.<br>Lingüístico-verbal. | Lingüístico-verbal.<br>Musical.<br>Interpersoal. | Grupo clase.<br>Heteroxéneo. | Partituras. | 5’ |

[2] Grupo clase; individual; grupos. // Afíns; heteroxéneos; grupos de interese; titoría entre pares; mentores.
[3] Intelixencia lingüístico-verbal. Intelixencia lóxica-matemática. Intelixencia espacial. Intelixencia musical. Intelixencia corporal cenestésica. Intelixencia intrapersoal. Intelixencia interpersoal. Intelixencia naturalista.
[4] Condutual-instrutivo. Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo. Persoal-individual. Lingüístico. Proxectivo.
[5] Percepción. Memoria. Comprensión. Aplicación. Análise. Investigación. Síntese. Avaliación. // Reflexivo. Analítico. Lóxico. Crítico. Sistémico. Analóxico. Creativo. Deliberativo. Práctico.



CC BY SA

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ARF. Divididos en grupos (mentores) practicar la canción. | Práctico.<br><br>Aplicación. | Social-cooperativo. | Musical.<br>Interpersoal. | Grupo pequeno.<br>Mentores. | Partituras. | 7’ |
